

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Nomeamento de integrantes da Xunta de Goberno Local

Nomeamento de integrantes da Xunta de Goberno Local

Con data 20 de xuño de 2019, por esta alcaldía ditouse a Resolución núm. 768/2019, que deseguido se transcribe íntegramente:

“Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

Nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local

Expediente. 2019/X999/000303

Constituída a nova Corporación municipal o pasado día 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 26 de maio.

Segundo o disposto nos artigos 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 59.2.b) e 65.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario do Concello, e se integra polo alcalde-presidente e un número de concelleiros non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación que é de trece, sen que para este cómputo se teñan en conta os decimais.

Corresponde á alcaldía o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno.

Polo que no uso das atribucións legalmente conferidas, pola presente, RESOLVO:

PRIMEIRO.–Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós/ás seguintes concelleiros/as:

D.^a Patricia M.^a Vázquez Figueroa

D. Juan Antonio Fariña Pedreira

D. José Ramón Lorenzo Carou

D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado

SEGUNDO.–Convocar a sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local para o día 28 de xuño de 2019, ás 14.00 horas, na Casa do Concello de Bergondo.

TERCEIRO.–Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre consonte co artigo 38 do ROF, notificándose ademais persoalmente aos interesados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data, conforme se indica no artigo 52.4, en relación co artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Bergondo, 25 de xuño de 2019.

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez

2019/5098